

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA
DEZAOITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

ASISTENTES:

Presidente:

Dona María Guadalupe Pombo Carril, alcaldesa-presidenta en funcións (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
D^a. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
D^a María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D^a Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
D. Alfonso Rico Vereá (Grupo Político Popular)
D. Antón Prieto García (Grupo Político Popular)
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
D^a. Beatriz Pérez Mosquera (BNG)
D^a. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
D^a. Sandra Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

Non asisten:

D. José Ramón Rioboo Castro (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D^a. Izaskun García Gorostizu (Grupo político popular)
D. Gonzalo Méndez Mosquera (BNG)

A Secretaría:

D^a. Ana Ramos Ramos

A Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, as dez horas e cinco minutos do día dezaioito de agosto de dous mil vinte e dous, reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia da señora alcaldesa-presidenta en funcións, dona María Guadalupe Pombo Carril.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1. PROPOSTA SOBRE RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DÍA E HORA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2022.

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía de data 12 de agosto do ano 2022 (código de documento USG16I02MX), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

Na sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 2 de xullo de 2019 acordouse a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno municipal, que se realizarán con carácter mensual, o derradeiro xoves de cada mes, ás trece horas e trinta minutos (13.30 h). No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o día hábil inmediatamente posterior á mesma hora.

Tendo en conta a necesidade de organización das vacacións estivais dos distintos departamentos e áreas, o goberno municipal vese na obriga de modificar os días e horas dos órganos colexiados

Por todo o exposto anteriormente, PROPONSE:

A ratificación do cambio de día e hora da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de agosto de 2022, ás 13.30 horas, que pasará a realizarse ás 10.00 horas do día 18 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.”

A Presidencia abre a quenda para o debate e solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que cómpre aclarar o que está a suceder neste tema porque, como se di na proposta que se presenta, os plenos ordinarios están fixados na data de 2 de xullo de 2019, xusto despois do inicio do mandato electoral, mandato 2019-2023, e nesa data acordáronse todas as cuestións organizativas, entre elas a periodicidade das sesións ordinarias do pleno municipal que se realizarán con carácter mensual o derradeiro xoves de cada mes, ás trece horas e trinta minutos, polo que no presente mes de agosto de 2022 tocaría o vindeiro xoves día 25, ás 13.30 horas; indica que iso é o que lles permite a todos os membros da Corporación ter unha planificación para poder atender ao traballo e ás obrigas de cada un e poder asistir ás sesións dos órganos colexiados e concretamente ao pleno municipal que é o máis importante; di que a Lei 7/85, de bases do réxime local di “Los órganos colegiados de las entidades locales funcionan en régimen de sesiones ordinarias de periodicidad preestablecida, y extraordinarias, que podrán ser además urgentes”, o que vén dicir según indica o Sr. Chouciño que o equipo de goberno pode convocar todas as sesións extraordinarias que queira pero de ningunha maneira poden saltarse as sesións ordinarias porque estas son as que están preestablecidas e as que permiten esa planificación dos membros da Corporación da que falou antes; di que vese na sesión que falta xente e aproveita para disculpar a ausencia do seu compañeiro Gonzalo, do Bloque Nacionalista Galego, que transmitiu á Secretaría e á Alcaldía a xustificación da súa ausencia por traballo e di que cómpre aclarar que non todos os membros da Corporación teñen dedicación exclusiva e di que non sabe cantos membros do equipo de goberno viven en exclusiva desta actividade e que pensa que son bastantes e poden perfectamente dispor de calquera momento para asistir a unha sesión dun órgano colexiado, comentando que o alcalde falta unha vez máis sen que ata o de agora se dese unha xustificación.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, por todo o exposto, o BNG vai votar en contra do cambio de data da sesión ordinaria e engade que ademais, a proposta di que hai que ratificar o acto e desde o BNG entenden que o alcalde non pode asinar un cambio para despois ratificalo si ou si porque xa se está na sesión e se ao votar a ratificación saíra, por un casual, que non se ratificaba ese cambio, o pleno non podería seguir adiante pero si habería que pagar as asistencias dos membros que acudiron á sesión polo que os membros do seu grupo van votar en contra para que quede precedente de que non aceptan estos cambios nas sesións ordinarias.

A continuación intervén a Sra. Presidenta, dona María Guadalupe Pombo Carril, e di que xustifica a ausencia dos Sres./as Rioboo Castro, Figueroa Fuentes, García Gorostizu e Méndez Mosquera, por motivos laborais, e a súa vez indica que é competencia do Sr. alcalde convocar, que está motivado o cambio e que non se está saltando ningún pleno ordinario.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 12 votos a favor**, dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE (10) dona María Guadalupe Pombo Carril, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, don Carlos Enrique Liñares Gestal, dona Penélope López Díaz, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, e dos concelleiros do grupo político popular (2) don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García, **e 5 votos en contra**, dos concelleiros e concelleiras do grupo político do BNG (2) don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, e dos concelleiros e concelleiras do grupo político Alternativa dos Veciños (3), dona Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, **non habendo abstencións, o ACORDO** seguinte:

A ratificación do cambio de día e hora da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 25 de agosto de 2022, ás 13.30 horas, que pasará a realizarse ás 10.00 horas do día 18 de agosto de 2022 debido ao exposto anteriormente.”

C.I.F. P-1503100-H

2.- LECTURA E APROBACIÓN. SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE DATAS 30.06.2022, 26.07.2022 E 28.07.2022.

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES:

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

(Expediente USG/2022/109)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

SESIÓN ORDINARIA 30/06/2022

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE 26/07/2022

(Expediente USG/2022/129)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE 26/07/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE 26/07/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022

(Expediente USG/2022/127)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data que figura na marxe."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións relativas ao contido dos borradores das actas correspondentes, sométense a votación por separado os borradores das actas das sesións anteriores:

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 30.06.2022**; sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 15 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo político municipal do PSdG-PSOE (8) don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfons Iglesias Gómez, don Carlos Liñares Gestal, dona María Penélope López Díaz e don Abraham Seijas González; do grupo político popular (2), don Alfonso Rico Vereja e don Antón Prieto García, do grupo político municipal do BNG (2), don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, do grupo político municipal Alternativa dos

Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra Marzoa García, **e 2 ABSTENCIÓNS** das concelleiras do grupo político PSdG-PSOE, dona María Guadalupe Pombo Carril e dona Susana Amor Fernández (por non estar presentes na sesión), **o ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión ordinaria do día 30.06.2022 (borrador asinado o día 11.08.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión extraordinaria urxente do día 26.07.2022**; sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 14 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo político municipal do PSdG-PSOE (9) dona María Guadalupe Pombo Carril, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, don Carlos Liñares Gestal, dona María Penélope López Díaz, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González; do grupo político popular (1), don Alfonso Rico Verea, do grupo político municipal do BNG (1), don Enrique Antonio Chouciño Garrido, do grupo político municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra Marzoa García, **e 3 ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo político PSdG-PSOE, don Miguel Suárez García, do concelleiro do grupo político popular don Antón Prieto García e da concelleira do grupo político do BNG dona Beatriz Pérez Mosquera (por non estar presentes na sesión), **o ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión extraordinaria urxente do día 26.07.2022 (borrador asinado o día 11.08.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 28.07.2022**; sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 15 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo político municipal do PSdG-PSOE (9) dona María Guadalupe Pombo Carril, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González; do grupo político popular (2), don Alfonso Rico Verea e don Antón Prieto García, do grupo político municipal do BNG (1), don Enrique Antonio Chouciño Garrido, do grupo político municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra Marzoa García, **e 2 ABSTENCIÓNS** das concelleiras do grupo político PSdG-PSOE, dona María Penélope López Díaz e a concelleira do grupo político do BNG dona Beatriz Pérez Mosquera (por non estar presentes na sesión), **o ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

Sesión ordinaria do día 28.07.2022 (borrador asinado o día 11.08.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

3.- PROPOSTA SOBRE DETERMINACIÓN DE FESTAS LOCAIS DE CULLEREDO PARA O ANO 2023

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía de data 5 de agosto do ano 2022, con código de documento USG16I02JX (ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección civil de data 12 de agosto de 2022 con catro (4) votos a favor (dos/as sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Liñares Gestal e Seijas González), ningún voto en contra e coa abstención dos/as sres/as. Pérez Mosquera e Ferreiro Varela), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL

A Xunta de Galicia solicita do Concello que se emita proposta co obxecto de determinar os dous días do ano 2023 que terán carácter de festas locais, segundo o establecido no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo.

De acordo con esta solicitude, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do término municipal de Culleredo para o ano 2023, as seguintes:

- 21 de febreiro, Martes de Entroido
- 24 de xullo

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.”

A Presidencia abre a quenda para o debate e ningún membro da Corporación asistente á sesión solicita o uso da palabra.

Non habendo intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 12 votos a favor** (dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE dona María Guadalupe Pombo Carril, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, don Miguel Suárez García, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, don Carlos Liñares Gestal, dona María Penélope López Díaz, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, dos concelleiros e concelleiras do grupo político popular don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García) **e 5 abstencións** (dos concelleiros e concelleiras do grupo político do BNG, don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona María Beatriz Pérez Mosquera, e dos concelleiros e concelleiras do grupo político Alternativa dos Veciños, dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García) non habendo **ningún voto en contra, os ACORDOS** seguintes:

Primeiro.- Propoñer como festas locais de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do término municipal de Culleredo para o ano 2023, as seguintes:

- 21 de febreiro, Martes de Entroido
- 24 de xullo

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

4.- PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR)

A secretaria xeral dá lectura á proposta da Alcaldía de data 8 de agosto do ano 2022 (código de documento USG16I01KX), (ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección civil de data 12 de agosto de 2022 con catro (4) votos a favor (dos/as sres/as Rioboo Castro, Pombo Carril, Liñares Gestal e Seijas González), ningún voto en contra e coa abstención dos/as sres/as. Pérez Mosquera e Ferreiro Varela), que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

ADHESIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PLAN PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

O Consello de Europa, o 21 de xullo de 2020, implementou un paquete de medidas de gran alcance onde destaca o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation UE, e especialmente, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aprobou o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Para poder ser receptor dos fondos previstos, era condición necesaria que os Estados membros presentasen Plans nacionais de recuperación nos que se definisen programas de actuación co obxectivo de potenciar a creación de emprego, o crecemento, así como acelerar a transición ecolóxica e dixital.

A tal fin, España presentou á Comisión Europea o Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que foi aprobado finalmente o 16 de xuño de 2021, configurándose como un instrumento para transformar a sociedade e o tecido produtivo, modelando un sistema económica e industrial máis sostible e respectuoso coa contorna. De acordo co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, ao executar fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os Estados membros, deberán adoptar medidas adecuadas tendentes a protexer os intereses financeiros da Unión e a velar por que a utilización de ditos fondos axústese ao dereito aplicable, tanto da Unión como nacional, especialmente no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, polo que toda entidade que participe na execución das medidas do PRTR deberá de dispor dun plan de medidas anti-fraude, que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, e conflitos de intereses.

Sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.

O Concello de Culleredo como entidade solicitante de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, deberá contar cun Plan de medidas anti-fraude que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

Pois ben, nunha liña de continuidade con estes antecedentes, a Deputación da Coruña comprométese a reforzar, dentro do ámbito das súas competencias e no asesoramento aos concellos e demais entidades locais da provincia, unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas e o concello de Culleredo entende conveniente a adhesión ao Plan PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

Neste nobre afán que agora se declara, non só se pretende manter unha vinculación positiva co Principio de Legalidade en toda a xestión pública, senón que se vai a promover un grao adicional de compromiso moral, sensibilizando e procurando adherir aos principios de obxectividade, integridade e honestidade ao conxunto de persoas que participan na xestión en distintas posicións xurídicas: cargos representativos, persoal funcionario e laboral, contratistas, persoas beneficiarias de subvencións e en síntese ao conxunto da cidadanía.

Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase esta Plan xeral de prevención de riscos na xestión económico-financeira e de medidas anti-fraude (PREMADECOR), que de recibir a aprobación do Pleno corporativo, será publicado no Boletín Oficial da Provincial, e no Portal de transparencia desta Corporación sito na nosa sede electrónica sede.dacoruna.gal.

Segundo o estipulado no artigo 36.1 b) da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, entre as competencias da Deputación encóntrase, "...La asistencia y cooperación jurídica, económica y técnica a los Municipios, especialmente los de menor capacidad económica y de gestión..."

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 125, do 4 de xullo publicouse o Plan Xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (Plan PREMADECOR), o cal establece a posibilidade de adhesión por parte dos concellos en distintos niveis ou grados, en función da súa poboación.

O concello de Culleredo, atendendo aos graos de adhesión dos concellos, e tendo en conta a poboación do concello de Culleredo que supera os 10.000 habitantes, o grao de adhesión é o previsto na letra A.) 1º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos.

A adhesión require a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.

Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.

Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará enterada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios.

Por todo o dito, PROPONSE a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Adherir ao concello de Culleredo ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Subscribir a declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción, que figura como Anexo II no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e os demais anexos que figuran en dito Plan, transcritos nesta proposta.

TERCEIRO.- Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal.

CUARTO.- Será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello de Culleredo, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias, facultando a Alcaldía para a realización do indicado en aras da súa plena implantación e seguimento e á adopción dos actos administrativos necesarios, a estes efectos.

QUINTO.- Dar traslado do acordo ás persoas que exercen cargos representativos na Corporación e a todo o persoal, e instar aos membros da Corporación e o persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PLAN PREMADECOR), ao estar todos comprometidos cos principios expostos no Plan, e asuman a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXOS

ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE COORDINACIÓN ANTIFRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)

A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar a Deputación para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia

Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE) a Deputación da Coruña tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:

https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Catalogo_riscos_G.pdf

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.

ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o concello de Culleredo manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan anti-fraude da Deputación da Coruña (PREMADECOR) e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

- A creación e funcionamento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.

- A posible adhesión ao Plan PREMADECOR dos concellos e outras entidades locais da Provincia, mesmo coa posibilidade de que as situadas no rango de poboación que non supera os 10.000 habitantes poidan delegar a

análise de riscos, uso do canle de denuncias e bo goberno e instrución dos procedementos correctivos que sexan competencia da Administración local.

• A realización de cursos de formación e divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estes cursos produzan o seu efecto, todas as persoas que exercen cargos representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a asistir a unha sesión formativa.

En resumo: O concello de Culleredo, e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL.

A) PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO

C.I.F. P-1503100-H

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP, ao que se adheriu esta Deputación Provincial mediante acordo plenario de 21 de decembro de 2018 (BOP núm. 18, de 25 de xaneiro de 2019).

Asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local) e de infraccións

en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).

B) PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcional como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:

- Elixibilidade dos gastos.
- Contratación pública.

- Réxime das axudas.
- Información e publicidade.
- Medio ambiente.
- Igualdade de oportunidades e non discriminación.

En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsábeis de cada servizo deberán contribuír a solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.

Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.

ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (FORMULARIO DACI)

“EXPEDIENTE SUBTEL 202XXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo a súa intervención no presente expediente foi debidamente informado do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.
2. Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten como fin evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento , asegurando a igualdade de trato de todos os candidatos e licitadores.
3. Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades coma o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran deseguido:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a de aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervido como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

SEGUNDO.- Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión.

TERCEIRO.- Que se compromete a por en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos/comisión avaliadora) de xeito inmediato calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que se poida producir.

CUARTO.- Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo da obriga de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia”.

ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS

As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.

No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20II.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf>

Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.”

A Presidencia abre a quenda para o debate e pregunta aos asistentes se desexan intervir.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que os membros do seu grupo político van votar a favor da proposta que se presenta neste punto e di que quere comentar que este é un acordo imprescindible para que se poidan tramitar os fondos europeos, un texto de prevención de malas prácticas e corrupción, estando totalmente de acordo con que existan estes métodos de prevención e totalmente de acordo tamén en utilizalos para que non queden simplemente no papel; indica que recorda que o BNG ten impulsado estes órganos de control tanto nos órganos colexiados do Concello nos que participa, a través de rogos e preguntas, como tamén nos órganos de control como foron os Fondos EDUSI, nos que efectivamente a Comisión de Participación Cidadá se pronunciou nas últimas convocatorias en torno a carencia de información e a unha xestión que non estaba a ser de todo transparente, sendo expresado non só polos grupos políticos senón tamén por outros membros que estaban na sesión do tecido asociativo; que lles parece moi ben a proposta que se presenta e que agarda que non sexa necesario facer uso dos órganos de control, non dubidando en ningún momento do seu uso en caso necesario.

A continuación a Sra. Presidencia fai uso da palabra e di que o equipo de goberno comparte e pón os medios necesarios para as medidas antifraude.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADOS por UNANIMIDADE dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión os ACORDOS** seguintes:

PRIMEIRO.- Adherir ao concello de Culleredo ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Subscribir a declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción, que figura como Anexo II no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e os demais anexos que figuran en dito Plan, transcritos nesta proposta.

TERCEIRO.- Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal.

CUARTO.- Será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello de Culleredo, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias, facultando a Alcaldía para a realización do indicado en aras da súa plena implantación e seguimento e á adopción dos actos administrativos necesarios, a estes efectos.

QUINTO.- Dar traslado do acordo ás persoas que exercen cargos representativos na Corporación e a todo o persoal, e instar aos membros da Corporación e o persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PLAN PREMADECOR), ao estar todos comprometidos cos principios expostos no Plan, e asuman a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

C.I.F. P-1503100-H

5.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dende a Presidencia propónse incluír na orde do día a Moción seguinte:

5.1.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PROPOSTA DE CONVENIO COA XUNTA DE GALICIA PARA O USO DA POLIDEPORTIVA DO IES REGO DE TRABE FORA DOS HORARIOS DE ACTIVIDADE ESCOLAR.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes.

Toma a palabra o voceiro do grupo político do BNG, don Enrique Antonio Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede a dar lectura a moción presentada polo BNG, que se transcribe a continuación:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, Concelleiro do Grupo Político Municipal BNG, fai a seguinte proposta para Conveniar coa Xunta de Galiza o uso da polideportiva do IES Rego de Trabe, fora dos horarios de actividade escolar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Está anunciado desde hai tempo o inicio das obras de reforma do pavillón polideportivo municipal de Tarrío. Se consultamos o perfil do contratante de Culleredo, vemos que a data de entrada en vigor do contrato é o 25/11/2021 e o prazo de execución das obras é de catro meses.

O Goberno Municipal non parece que sexa quen de facer cumprir os prazos das súas obras pero desde o BNG queremos supoñer que empezarán nalgún momento, e é obvio que van supoñer un quebranto nas actividades, adestramentos e partidos de competición que se veñen celebrando alí nos últimos anos polos clubs aos que se cede o uso da instalación.

Compre buscar instalacións alternativas que xa eran necesarias nos últimos anos nos que os clubs nos comunican precariedade na dispoñibilidade de horarios e instalacións adecuadas. Agora máis aínda ao ter que prescindir dunha das polideportivas durante tantos meses que moi probablemente cadren con temporada de adestramentos e competicións.

Entendemos que o convenio marco que asinou a FEGAMP coa Xunta no ano 2014, segue vixente e establecía que “en liña cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas...” e detalla as condicións de uso, reservas e obrigas das administracións que cheguen a acordo no ámbito do Convenio Marco.

O IES Rego de Trabe dispón dunha polideportiva cuberta e semipechada que podería paliar a carencia de instalacións deportivas para os requirimentos de adestramentos dos clubs. De precisar de algunha adecuación, o Concello de Culleredo podería facer un pequeno investimento que mesmo podería acordar ir descontando do canon anual ao que obriga o convenio marco.

Calquera restrición da que se falou no pasado respecto dos accesos, ou de uso de instalacións anexas, pode buscárselle solución polos técnicos municipais en colaboración co persoal da Consellería de Educación. Habendo vontade política, non debería haber problema para sacar adiante a posibilidade de dispoñer dunha nova instalación durante as horas nas que non houbera uso docente. Tamén dispón dun ximnasio.

Por todo o anterior, o BNG propón ao Pleno da Corporación:

1. Que o Concello de Culleredo se acolla ao Convenio Marco subscrito entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 16 de Outubro de 2015, para a utilización das instalacións deportivas do IES Rego de Trabe (polideportiva cuberta e ximnasio) en horario non lectivo.

2. Dado que o Convenio da Xunta prevé o pago dun canon máis os custos dos consumos que se realicen por unha maior utilización das instalacións, acordárase botar as contas entre o que os técnicos municipais decidan que debe investirse para acondicionar o uso da instalación e o pago do canon de forma que se equilibre no número de anos necesarios para compensar eses fluxos económicos.

3. Que se abra un expediente no que se soliciten os informes técnicos, económicos e xurídicos necesarios para impulsar o cumprimento deste acordo e se dea conta ao Pleno na próxima convocatoria ordinaria."

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que lle gustaría engadir, a modo de autoemenda, un novo punto en relación con que se notifique o acordo á Consellería de Educación.

Aberta a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que os membros do seu grupo van apoiar a moción que se presenta neste punto polo fondo que ten pero non pola forma e que xa comentaron no último pleno que non se poden levar mocións por levar; indica que os membros do seu grupo falan coas asociacións deportivas do Concello e que se tratou o tema do convenio, reuníndose coa Xunta que está pendente de ter unha reunión coa concellería de Deportes para abordar este tema e planificalo conxuntamente porque para iso é para o que se está no pleno e non para traer este tema como se fora unha noticia de prensa como se fai case sempre; que se ten que buscar a colaboración de todos os grupos para este tipo de actuacións máis que nada para evitar dar máis traballo aos funcionarios, estando xa o departamento xurídico colapsado, e remitir isto á Secretaría municipal e a todos os departamentos para que emitan informes xurídicos sobre a situación dos pavillóns implicando tamén a visita do arquitecto municipal para facer o informe pertinente, darlle máis carga de traballo ao Concello por non ter feito o traballo previo de investigación que é revisar o convenio, reunirse coa Xunta, tal como fixo o Partido Popular, reunirse coas asociacións xa que non é un único club o que ten problema de espazos e horarios, sendo necesario tamén saber as condicións que ten o Concello e se existen espazos, se cos da Xunta xa se cubren os necesarios, se se poden facer colaboracións externas como fai por exemplo o Concello de Cambre ou se se poden habilitar espazos temporais como fai por exemplo o Concello de Arteixo; di que este é un traballo que require horas e o que está amosando o Bloque Nacionalista é que fai un traballo constante de oposición pero en ningún caso de colaboración, traendo só mocións destrutivas como a que se trae neste punto e que entende que non se falou nin coa Xunta nin co goberno municipal nin tan sequera cos compañeiros da oposición, indicando que o que trae o BNG son mocións totalmente vacías que o único que fan é cargar de traballo ao goberno municipal; di que o grupo político popular vai apoiar esta moción polo fondo porque os membros do seu grupo reuníronse coa Xunta e coas asociacións co obxectivo de buscar antes de darlle máis traballo aos funcionarios pois o contrario carece de sentido.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do PSdeG-PSOE, Sr. Suárez García quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno está interesado no fondo da moción, aínda que non na descrición que se fai nela, porque xa leva traballando desde hai meses neste tema e xa no mes de xaneiro tiveron reunión coa dirección do centro para tomar a instalación referida como prestada e poder cubrir as necesidades; di que o goberno municipal tiña pensado iniciar as obras do pavillón de Tarrío no mes de abril; indica que na moción non se recolle un detalle que ten gran importancia como é que hai un colexio que utiliza tamén a instalación; di que había un acordo para utilizar a instalación sen que afectase ao uso do día a día e que no mes de agosto tiñan que pararse definitivamente todas as actividades para poder facer a soleira, a pista e unha parte da cuberta que é necesario arranxar sendo o acordado naquelas datas e naquelas reunións poder utilizar a instalación de forma máis ou menos normal e que saben que cando hai obras sempre hai algunha molestia, sabéndoo tamén as entidades e os veciños, sabendo tamén que é en beneficio de todos os usuarios; engade que o Sr. alcalde tivo unha reunión coa directora do centro porque é importante ter a vontade da dirección para poder facer estas cousas, facéndose xa unha proposta e un cadro de ocupación na temporada 2016-2017 para utilizar esa instalación de Rego de Trabe, atopándose con trabas en canto o uso porque a Xunta non deixaba e era necesario facer un investimento de 45.000 euros para facer un peche perimetral parcial e que a Consellería puxo moitas trabas para poder facer dita obra e ao final o Concello de Culleredo desistiu aínda que a vontade política do equipo de goberno sempre foi poder utilizar esa instalación; di que desde o inicio dita obra ten un acceso desde o exterior porque se lles mandou cando se fixo a obra para

poder utilizala pero a realidade é que o Concello nunca a puido utilizar e que tan só un equipo do Concello puido utilizar esa pista puntualmente en dúas ocasións; que é necesario pechar parcialmente a pista porque chove nela e para que non entre a auga e exista risco para o adestramento; di que a moción fala tamén da competición e que a pista referida non cumpre normativas para poder desenvolverse nela esa actividade porque necesita uns estándares mínimos, tendo o Concello a disposición dúas pistas que non utiliza habitualmente para que se poidan utilizar a fin de semana e son o Sofía Casanova e a polideportiva Ría do Burgo.

Segue a súa intervención o Sr. Suárez García e di que en canto ao fondo da moción o goberno municipal está de acordo pero que se comete un erro na mesma porque aínda que está de acordo con que os clubs necesitan mellores instalacións e mellores condicións para os adestramentos, o certo é que noutros concellos comparten pista e en Culleredo trátase de que dispoñan da pista completa na franxa horaria que lles corresponde, e remata a súa intervención dicindo que o goberno municipal traballa e seguirá traballando para atender esta necesidade que vén xa de atrás.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o voceiros do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere comezar contestándolle ao Sr. Prieto García porque cada vez o entende menos xa que di que non se poden traer mocions por traer cando o certo é que o Pleno é o lugar onde se presentan propostas e engade que non sabe se as mocions que trae o Partido Popular as trae por traer pero que si sabe que o BNG fai un esforzo para traer propostas e fai un traballo previo, preguntándolle ao Sr. Prieto se é el o que decide o que se pode levar ou non ao Pleno; indica que o Sr. Prieto comentou que antes de traer propostas hai que reunirse coas asociacións cando o certo é que o BNG xa o fixo e foron elas as que trasladaron a necesidade que se recolle na moción; que o Sr. Prieto comentou que existían outras posibilidades indicando o Sr. Chouciño Garrido que se existen outras posibilidades se avaliarán pero que non viñeron ao pleno e que a que se presenta é unha válida porque o que se fai é acollerse a un convenio marco e se presenta unha proposta ben estruturada; que o Sr. Prieto di que o BNG fai unha oposición permanente e lle responde que teñen unha maneira de ver as cousas distinta e o BNG expón a súa forma de ver as cousas, e que niso consiste facer oposición, en opoñerse cando determinadas cuestións non cadran co enfoque que ten o BNG e di que non sabe se os membros do grupo político popular teñen un punto de vista propio ou non pero que o BNG si o ten; que por último o Sr. Prieto García di que o BNG é destrutivo, e pregunta o Sr. Chouciño Garrido que de destrutivo pode ser propoñer que se utilice un polideportivo de forma conxunta tal como está nun convenio marco establecido entre a Fegamp e a Xunta.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, respecto da intervención feita polo concelleiro de Deportes, o Sr. Suárez García, di que agradece que todos estean de acordo no fondo da moción pero quere puntualizar algunhas cuestións xa que na súa intervención o Sr. Suárez dixo que no mes de xaneiro houbo unha reunión coa dirección do Centro para tratar o asunto referido na moción e di que se pode despistar porque non é infalible pero que a el non lle consta que se dera nunca conta e lle pregunta ao resto dos concelleiros da oposición se algún se acorda e pode levantar a man para dicir se se deu conta dese asunto cando un dos puntos que se inclúe tanto nas xuntas de voceiros como no pleno e nas comisións informativas, nas sesións ordinarias, é dar conta da acción do goberno, engadindo que algo falla xa que aparentemente non se dá conta do que se está a negociar polo equipo de goberno; que o Sr. Suárez García dixo que había un colexio que utilizaba as instalacións, o que supón un maior motivo para que se regule o uso das instalacións e que dixo tamén que nos meses de xullo e agosto era necesario non facer uso das mesmas para arranxar a soleira e pregunta se se iniciou algún tipo de obra para esa actuación porque xa se está a mediados do mes de agosto; que falou o Sr. Suárez García dun acordo do ano 2016 para facer un peche perimetral e que se acordara investir 45.000 euros e engade que el si recorda este asunto porque estaba no pleno e recorda unha iniciativa similar á que se presenta neste punto da orde do día que presentara di que cre recordar o Sr. Suárez García e que cre recordar tamén que se aprobou por unanimidade, tendo que preguntar o BNG seis meses despois que foi dese asunto respondéndolle o goberno municipal que ao pouco de iniciarse as negociacións se viu que aquilo non podía fructificar, polo que insiste no que dixo sobre a dación de conta da acción de goberno e que non pode ser que non se entere a oposición de como ev

respecto do que dixo o Sr. Suárez García respecto de que a pista referida non serve para competir, di o Sr. Chouciño Garrido que el en ningún momento dixo que se quixera poñer dita pista para competir e di que o que di a proposta é que compre buscar instalacións alternativas que xa eran necesarias nos últimos anos nos que os clubs comunican precariedade na dispoñibilidade de horarios e instalacións adecuadas, agora máis aínda ao ter que prescindir dunhas instalacións polideportivas durante tantos meses que moi probablemente cadren con temporada de adestramentos e competicións; di que a proposta non fala de que dita instalación se teña que dedicar a competicións senón que formaría parte da rede para reestruturar as actividades.

A Sra. Presidenta fai uso da palabra e di que hai unha emenda polo que o primeiro é votar a inclusión da emenda na moción, e aclara que iso non sería necesario porque hai unha cláusula nun convenio que establece que o acordo que se fai entre a dirección do centro e o Concello ten que ser ratificado pola Xunta polo que ao ter que pedir autorización xa estarían notificados e lle pregunta ao voceiro do BNG se quere mantela, en cuxo caso manteríase a votación da inclusión da emenda na moción.

O Sr. Chouciño Garrido intervéñe e di que cre que, por outras veces nas que ocorreu algo parecido, cando a emenda a propón o mesmo grupo que presenta a moción, o que se vota é a moción xa coa emenda incluída e que é cando son as propostas do equipo de goberno cando se votan as emendas por separado.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita coa emenda proposta polo grupo político do BNG, quedando **ADOPTADOS por UNANIMIDADE dos Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión os ACORDOS** seguintes:

1. Que o Concello de Culleredo se acolla ao Convenio Marco subscrito entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 16 de Outubro de 2015, para a utilización das instalacións deportivas do IES Rego de Trabe (polideportiva cuberta e ximnasio) en horario non lectivo.
2. Dado que o Convenio da Xunta prevé o pago dun canon máis os custos dos consumos que se realicen por unha maior utilización das instalacións, acordárase botar as contas entre o que os técnicos municipais decidan que debe investirse para acondicionar o uso da instalación e o pago do canon de forma que se equilibre no número de anos necesarios para compensar eses fluxos económicos.
3. Que se abra un expediente no que se soliciten os informes técnicos, económicos e xurídicos necesarios para impulsar o cumprimento deste acordo e se dea conta ao Pleno na próxima convocatoria ordinaria.
4. Notificar o presente acordo á Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL AO PLENO.

6.1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.		
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022		
De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia e concellerías delegadas ditadas, dos números 1352.2022 , de 15 de xullo de 2022, á 1462.2022 , de 8 de agosto de 2022, ambas as dúas incluídas, e que son as seguintes:		
PLENO: 18/08/2022		
Nº Resolución	Data	Extracto:
1352	15/07/2022	Renovación permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo a M.C.R.E cunha validez de cinco anos.
1353	12/07/22	Outorgamento licenza para segregación parcela sita no lugar Fornos, parroquia Sueiro a M.J.G.V.
1354	13/07/22	Corrección erros detectados na resolución de data 08/07/2022 relativa á aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola que se aproban as bases reguladoras para cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas
1355	14/07/22	Aprobación devolución aval a ACCIONA INFRAESTRUCTURAS SA por importe de 12.000 € polo concepto de "aval para respoonder de posibles danos sobre a urbanización existente na avda Rutis durante execución obras construción novo CEIP (UAU/2016/375)
1356	18/07/22	Declaración validez acto celebrado e adxudicación da execución do servizo "Traballos de desbroce e limpeza de cunetas e das marxes de vías de titularidade municipal" á Jardincelas SL fixando o prezo en 60.640,26 € IVE engadido.
1357	18/07/22	Aprobación da lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para tomar parte do proceso selectivo para formación lista substitución de arquitecta/o do Concello Culleredo (persoal funcionario interino)
1358	19/07/22	Outorgamento a ASOCIACIÓN COMISION DE FESTAS DO BURGO ASOCIACION CULTURAL da autorización demanial para ocupación do dominio público local durante os días 21,22,23,24,25,26 e 27 de xullo de 2022.
1359	19/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 11047/2022 e máis por importe total de 680 €

C.I.F. P-1503100-H

1360	19/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 10466/2022 e máis por importe total de 3.020,00 €
1361	19/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 10106/2022 e máis por importe total de 4.080,00€
1362	19/07/22	Concesión a V.C.M do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana.
1363	19/07/22	Exptes sancionadores de multas de tráfico. Expte 1486/2022 por importe de 200 €
1364	19/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 11465/2022 e máis por importe total de 3.520,00 €
1365	19/07/22	Denegación a A.L.B da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.
1366	20/07/22	Orde pagamento das retencions de IRPF correspondentes ao mes de xuño de 2022 por importe total de 130.719,21 €
1367	20/07/22	Orde de pagamento da autoliquidación do IVE correspondente ao 2º trimestre de 2022 por importe total de 18.514,99 €
1368	20/07/22	Concesión licenza mpal núm. 439 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (modalidade Reserva Permanente as 24 horas) para local sito na Avda Da Coruña a F.R.S.
1369	20/07/22	Inicio exptes sancionadores de tráfico. Expte 12245/2022 e máis por importe total de 880 €
1370	20/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 11314/2022 por importe de 600 €
1371	20/07/22	Desestimación alegacións presentadas. Resolución sancionadora. Expte 3648/2022.
1372	20/07/22	Estimación alegacións presentadas expte 6512/2022
1373	21/07/22	Delegación na concelleira M.G.P.C do exercicio da competencia para celebración do matrimonio civil entre L.D.A e J.J.R.S o venres 22 de xullo de 2022 ás 12.00 horas.

C.I.F. P-1503100-H

1374	21/07/22	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por A.H.R en representación de S.P.G á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.
1375	21/07/22	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por N.P.M, á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.
1376	21/07/22	Delegación na concelleira da Corporación M.M.I.B do exercicio da competencia para celebración matrimonio civil entre A.A.C e J.G.R. o sábado 23 de xullo de 2022 ás 13.00 horas.
1377	21/07/22	Nomeamento instrutora do procedemento, relativo á reclamación por responsabilidade patrimonial formulada por D.V.O, á xefe da Asesoría Xurídica M.N.F.B.
1378	21/07/22	Concesión a C.C.P do servizo mpal de axuda a domicilio cunha intensidade de dúas horas á semana e do Xantar na casa para os sete días da semana.
1379	21/07/22	Execución forzosa da orde de demolición das obras e reposición do terreo ao seu estado inicial na parcela sita no lugar de O Vilar que se ordenou na resolución 1397 do 13.09.2019 e imposición a M.J.C.L unha segunda multa coercitiva por importe de 1.500 €
1380	21/07/22	Asunción das funcións da Alcaldía pola primeira tenente de alcalde, María Guadalupe Pombo Carril o día 22 de xullo de 2022.
1381	21/07/22	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Voceiros o venres 22 de xullo de 2022, ás 14.00 horas.
1382	21/07/22	Aprobación da lista de substitución de auxiliar administrativo/a (persoal funcionario interino/grupo C2)
1383	21/07/22	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o día 22 de xullo de 2022 ás 13.30 horas.
1384	21/07/22	Levantamento reparo UIT16I00HT que formula a intervención municipal e avocación da competencia para continuar coa tramitación do expediente.
1385	22/07/22	Rectificación das autoliquidacións presentadas por BANKIA SA polo imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana motivado pola transmisión do inmóbel e formalizada o 26/11/15
1386	22/07/22	Corrección erro detectado na resolución de 4 de xullo de 2022.
1387	22/07/22	Outorgamento a ASOCIACION CULTURAL CASTELO CONTA da autorización demanial para ocupación do dominio público local no campo da festa de Castelo durante os días 24 e 25 de xullo de 2022.

C.I.F. P-1503100-H

1388	22/07/22	Convocatoria sesión extraordinaria urgente do Pleno Municipal a celebrar o martes 26 de xullo de 2022 ás 10.00 horas.
1389	22/07/22	Convocatoria sesión ordinaria do Pleno municipal o xoves 28 de xullo de 2022 ás 13.30 horas.
1390	26/07/22	Baixa a M.S.S no servizo mpal de axuda a domicilio.
1391	26/07/22	Levantamento reparo UIT6I00CN que formula a intervención mpal xeral e avocación competencia para continuar coa tramitación do expediente e aboamento de 1.106,88 € a M.B.V.L por 43 horas e corenta e cinco minutos extras normais por servizos extraordinarios
1392	26/07/22	Aboamento a M.I.S.Ga cantidade de 660,52 € importe de 40 horas e media extras normais por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.
1393	26/07/22	Imposición sanción a A.M.S pola comisión de infraccións no Pub Birras e clausura total das instalacións por un prazo de 18 meses.
1394	26/07/22	Autorización a M.G.V.L e S.C.C para solicitar, descargar, instalar, renovar, suspender, revogar e utilizar os certificados de representante de persoa xurídica do Concello de Culleredo emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda.
1395	26/07/22	Adxudicación contrato menor para execución do servizo denominado dirección obra e coordinación de seguridade e saúde obra "Parque infantil na área de lecer da Corveira" a M.C.M.S polo prezo ofertado de 12.800.000 € IVE incluído.
1396	26/07/22	Recoñecemento da obriga Operación 220220007355 polo importe total de 35.997,50 €
1397	26/07/22	Baixa no padrón municipal de habitantes, con efectos desde o 29-06-2022 de A.L.G e máis.
1398	27/07/22	Autorización, disposición, recoñecemento de obriga e orde de pagamento da taxa operación 220220008127 por importe total de 193,71 €
1399	27/07/22	Denegación a R.R.V da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.
1400	27/07/22	Concesión a B.P.R da tarxeta estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 18/07/2025
1401	28/07/22	Desestimación recurso presentado e confirmación sanción imposta. Expte 23557/2021 tráfico.
1402	28/07/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 10789/2022 e máis por importe total de 2.880,00 €

C.I.F. P-1503100-H

1403	28/07/22	Estimación alegacións presentadas. Expte tráfico 7955/2022
1404	28/07/22	Outorgamento a ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SAN COSME da autorización demanial para ocupación do dominio público local no lugar campo da festa de Sésamo os días 30 e 31 de xullo de 2022.
1405	28/07/22	Aprobación nóminas empregados públicos do Concello mes xullo de 2022 por importe neto de 370.506,97 €
1406	28/07/22	Delegación na concelleira da Corporación Jéssica Méndez Sánchez o exercicio da competencia para celebración de matrimonio civil entre E.C.B e V.P.N o sábado 30 de xullo de 2022 ás 13.30 horas.
1407	29/07/22	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o luns 1 de agosto de 2022 ás 13.30 horas.
1408	29/07/22	Baixa no servizo mpal de axuda a domicilio por libre concorrencia a J.A.C.G con data 31/07/22 por causar alta o 01/08/22 no sistema de Dependencia cunha prestación de ata 45 horas mensuais.
1409	29/07/22	Estimación da solicitude feita por B.R.S en data 20/05/22 para instalación dun establecemento de venda ambulante nafeira do Concello de Culleredo.
1411	29/07/22	Designación do enxeñeiro técnico de obras públicas Jacobo Pena Posse como director da obra Mejora de la intersección de la antigua N-550 en el PK 5+000 con la rúa Alejandro Pérez Lugin (VP-357), la rúa Senra (VP-73) y la avda. Cordeda (VP-61)
1412	29/07/22	Aprobación da nómina de C.J.M.S correspondente á liquidación de vacacións pendentes de disfrutar por incapacidade temporal e o gasto correspondente por importe neto de 216,64 €.
1413	29/07/22	Baixa no servizo mpal de axuda a domicilio por libre concorrencia a J.P.G con data 31/07/2022 ao causar alta o 01/08/2022 no sistema de Dependencia cunha prestación de 13 horas mensuais.
1414	01/08/22	Aprobación indemnización por desempeño accidental posto tesoureira do Concello, do día 6 de maio ata o día 2 de xuño de 2022 a favor de M.L.A por un importe de 576,59 €
1415	01/08/22	Aprobación indemnización por desempeño accidental do posto de interventor do Concello do día 02/05/2022 ao 09/06/2022 a favor de R.B.F por un importe de 386,68 €
1416	01/08/22	Aprobación dos recibos de liquidación de cotizacións normais L00 (RLC) para o período de liquidación da seguridade social correspondentes ás nóminas dos empregados públicos indicados polo importe total de 133.315,73€

C.I.F. P-1503100-H

1417	01/08/22	Outorgamento a ASOCIACION DE VECIÑOS SAN ESTEBAN DE SUEIRO de autorización demanial para ocupación do dominio público local no lugar campo da festa de Sueiro durante os días 5, 6 e 7 de agosto de 2022.
1418	01/08/22	Concesión a M.J.R.G.O a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.
1419	01/08/22	Concesión a F.B.C da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 11/07/2024
1420	01/08/22	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e orde de pagos da relación O/2022/102 por importe total de 3.055,01 €
1421	01/08/22	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e orde de pagos da relación O/2022/103 por importe total de 3.562,49 €
1422	02/08/22	Denegacion liberación depósito que solicitou P.P.M.V.M por importe de 16.861,29 € respecto do proxecto expediente de expropiación por taxación conxunta de terreos para equipamento escolar e zona verde anexa na avda. Rutis s/n zona Lavandeira.
1423	02/08/22	Baixa con efectos do ano 2023 da licenza mpal número 24 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
1424	02/08/22	Concesión a C.S.C da renovación da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de DEZ anos.
1425	02/08/22	Aceptación desestimento da solicitude do servizo mpal de Axuda no fogar formulado por S.V.G e E.C.R. e declaración de concluído do procedemento.
1426	02/08/22	Concesión a A.M.M.F da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 27/06/2025.
1427	02/08/22	Concesión a B.B.B da licenza solicitada para construción dunha vivenda unifamiliar na parcela sita no Plan Parcial Zapateira 2, rúa Victoria Kent.
1428	03/08/22	Denegación a Y.C.A das axudas para abono do aluguer por non achegar a documentación perceptiva.
1429	03/08/22	Concesión a M.R.R da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.

C.I.F. P-1503100-H

1430	03/08/22	Aprobación lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de técnico/a de urbanismo de administración especial, subescala técnica, persoal funcionario de carreira
1431	03/08/22	Validación dos movementos no Padrón Municipal de Habitantes neste Concello das persoas que se relacionan ao longo do mes de xullo. C.A.R e máis.
1432	03/08/22	Outorgamento a ASOCIACION VECIÑAL E DE FESTAS DE ALMEIRAS da autorización demanial para ocupación dominio público local no campo da festa de Almeiras os días 5, 6, 7 e 8 de agosto de 2022.
1433	03/08/22	Outorgamento a ASOCIACION VECIÑAL ORRO NOVO - ORRO VELLO da autorización demanial para a ocupación do dominio público local no lugar campo da festa de Orro durante os días 6 e 7 de agosto de 2022.
1434	03/08/22	Inicio procedementos sancionadores de tráfico. Expte 13896 e máis por importe total de 5.880,00 €
1435	03/08/22	Declaración desestímulo de P.M.C.M das axudas solicitadas para pago aluguer por non achegar a documentación perceptiva.
1436	04/08/22	Adxudicación execución obra "PARQUE INFANTIL NA ÁREA DE LECER DE A CORVEIRA" á empresa JARDINCELAS SL fixando o prezo en 409.530,71 € IVE engadido
1437	04/08/22	Exclusión do procedemento de adxudicación a oferta presentada por ARIAS INFRAESTRUTURAS SA que renuncia á adxudicación por perda da súa capacidade para contratar.
1438	04/08/22	Aprobación da liquidación , correspondente a alta no padrón fiscal por taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública (modalidade reserva permanente 24 horas) a F- J.R.S.
1439	04/08/22	Concesión a M.S.D.L e M.R.C a licenza solicitada para obras rehabilitación dunha vivenda unifamiliar existente e construción dunha piscina en Orro.
1440	04/08/22	Outorgamento a A.C.D NOSA SEÑORA SAN OUTELO da autorización demanial para ocupación do dominio público local no lugar campo de festa de Celas os días 14, 15 e 16 agosto 2022.
1441	04/08/22	Aprobación convenio colaboración interadministrativa co Concello de Arteixo en materia de recursos humanos para colaboración nos traballos de tramitación de expedientes no servizo de arquitectura e urbanismo por parte do arquitecto de Arteixo P.M.F.C.
1442	05/08/22	Desestimación integramente do recurso de reposición presentado por M.S.R contra resolución da Concelleira de seguridade cidadá e persoal de data 21/07/2022 pola que se aproba a lista de substitución de auxiliar administrativo/a (persoal func. Interino)

C.I.F. P-1503100-H

1443	05/08/22	Asunción pola Alcaldía das funcións da concelleira delegada de seguridade cidadá e persoal dende o 8 ao 21 de agosto de 2022 (ambos os dous incluídos) sen que implique alteración da competencia.
1444	05/08/22	Persoamento en nome do Concello de Culleredo como demandado ante o Xulgado do Contencioso-administrativo número 4 da Coruña. PROCEDEMENTO PIEZA SEPARADA DE MEDIDAS CAUTELARES 139/2022-1
1445	05/08/22	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o martes día 9 de agosto de 2022 ás 13.30 horas.
1446	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización RBTS DE LONXITUDE 6M EN VIGOVIDIN, Almeiras.
1447	08/08/22	Autorización uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización ACOMETIDA DIRECTA A REDE DE GAS NATURAL nunha parcela sita en Almeiras.
1448	05/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBSTITUCIÓN DE LIÑA AÉREA E APOIO DE BAIXA TENSIÓN na R/Eladio de la Iglesia Doldán.
1449	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización REFORZO DE REDE AÉREA DE BAIXA TENSIÓN NO LUGAR DE AIAN.
1450	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBMINISTRO ELECTRICO A VIVENDA UNIFAMILIAR RBTS EN ALMEIRAS POLIG. 6
1451	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBMINISTRO ELECTRICO RBTS VIVENDA UNIFAMILIAR EN RUA REGUEIRO.
1452	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBMINISTRO VIVENDA SITUADA EN FORNOS
1453	08/08/22	Autorización uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización ACOMETIDA SUBMINISTRO GAS NATURAL VIVENDA UNIFAMILIAR situada en Rúa Regueiro.

C.I.F. P-1503100-H

1454	08/08/22	Autorización uso especial por TELEFONICA DE ESPAÑA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización INSTALACION TRES POSTES DE MADEIRA PARA SUBMINISTRO REDE TELEFONIA A VIVENDA UNIFAMILIAR
1455	08/08/22	Autorización uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBTERRANEA DE TELECOMUNICACIÓNS 110,5 M, no lugar de Valiñas.
1456	08/08/22	Autorización uso especial por R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización EXECUCIÓN DE 63,60 ml CANALIZACIÓN DE TELECOMUNICACIONES NO CASAL TRAMO 1
1457	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBMINISTRO ELECTRICO RBTS A NAVE SITUADA EN ALVEDRO
1458	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización PROVISION DE SERVICIO RBTS PARA NAVE situda no CLT.
1459	08/08/22	Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización SUBMINISTRO ELECTRICO EN RBTS NAVE ALVEDRO.
1460	08/08/22	Autorización uso especial por GAS NATURAL REDES GLP SA dos terreos de dominio público municipal afectados para canalización CATA DE 3,00*1,00 M PARA MANTEMENTO REDE GAS EXISTENTE EN R/ Joaquín Sorolla, Parque Empresarial Alvedro.
1461	08/08/22	Toma razón cambio titularidade de licenza da pasaxe con horario laboral núm. 7 sita na R/Tierno Galván a favor de J.M.C.
1462	08/08/22	Recoñecemento das obrigas e orde do pago das facturas que se especifican na relación O/2022/119 por importe de 550,49 €

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data sinalada na marxe.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.2.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022

DACIÓN DE CONTA DOS SEGUINTE INFORMES DE REPARO EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

- *Informe de fiscalización da proposta de aprobación de gratificacións por servizos extraordinarios da Policía Local, 1º trimestre, de data 15/07/2022 (código de documento UIT16I00HT)*
- *Informe sobre concesión a dona B.V.L. e M.I.S.G dunha gratificación pola realización de servizos extraordinarios fóra da súa xornada de traballo, de data 11/05/2022 (código de documento UIT16I00CN)*
- *Informe de fiscalización de facturas nas que constan xustificantes de gasto respecto dos que non consta a tramitación do correspondente expediente de contratación que de acordo coa normativa de aplicación sería preceptivo, de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00B8)*

C.I.F. P-1503100-H

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, á data sinalada na marxe.”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.3.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, PSICÓLOGA/O, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR DELEGACIÓN DO SR. ALCALDE

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, que son os seguintes:

- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, PSICÓLOGA/O, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

(.../...)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data sinalada na marxe”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.4.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, EDUCADORAS/ES SOCIAIS, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR DELEGACIÓN DO SR. ALCALDE

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, que son os seguintes:

(.../...)

- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, EDUCADORAS/ES SOCIAIS, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

(.../...)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data sinalada na marxe”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.5.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SLEECTIVO PARA A

29 de 33

SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, TRABALLADORAS/ES SOCIAIS, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR DELEGACIÓN DO SR. ALCALDE

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, que son os seguintes:

(.../...)

- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 DE XULLO DE 2022, SOBRE CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, TRABALLADORAS/ES SOCIAIS, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

(.../...)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data sinalada na marxe”

C.I.F. P-1503100-H

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.6.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 DE XULLO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, ASESOR XURÍDICO SOCIAL, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

A secretaria dá lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR DELEGACIÓN DO SR. ALCALDE

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 18/08/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, que son os seguintes:

(.../...)

- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22 DE XULLO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO, ASESOR XURÍSICO SOCIAL, POR PROGRAMAS E CREACIÓN DUNHA BOLSA PARA NOMEAMENTOS.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde- Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, en Culleredo, na data sinalada na marxe”

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

7.- MOCIÓN DE URXENCIA.

A Presidencia indica que non se presenta moción ningunha neste punto da orde do día.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia fai uso da palabra e pregunta a todos os asistentes se teñen algún rogo ou pregunta que facer.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que, a colación do comentado polo voceiro do grupo político do BNG, Alternativa dos Veciños roga que se aclare a excusa dada pola Sra. alcaldesa-presidenta en funcións respecto da ausencia por motivos laborais do Sr. alcalde e da señora concelleira dona Marta Figueroa porque, dado que son membros da Corporación con dedicación exclusiva, entenden que a súa axenda ten que ser pública e solicitan se lles diga cales son os motivos laborais alegados.

Resposta do goberno.- A Sra. alcaldesa en funcións di que non se explicou ben cando falou anteriormente e que os motivos laborais referíanse exclusivamente ao Sr. Méndez Mosquera xa que o Sr. alcalde se atopa enfermo e a Sra. concelleira citada atópase de vacacións, crendo que a Sra. García Gorostizu se atopa tamén de vacacións.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que solicita se explique unha cuestión formal porque podería haber un erro na documentación correspondente ao punto número 6 da orde do día relativo a “Actividade de control ao Pleno” no punto de informes de reparo de Intervención porque o documento que se presenta fala dunha proposta de acordo e el entende que nunha dación de conta non se fala de acordo.

Resposta do goberno.- A Sra. alcaldesa en funcións di que a secretaria xeral indica que nas dacións de conta o que se propón é a toma de razón polo que está ben formulado.

De seguido o Sr. Chouciño Garrido di que quere preguntar por unha cuestión que se acordou hai dous meses respecto de estender a fibra no rural facéndose os membros da Corporación eco dunha iniciativa popular e na que se acordaba buscar a fórmula para contratar toda a telefonía municipal con aquela empresa que se comprometera a instalar toda a fibra no rural; que dito acordo levaba o compromiso de dar conta de todas as

accións á Xunta de Voceiros na primeira sesión que se celebrara e non se deu conta nin na primeira nin na segunda polo que pregunta se se fixo algo para dar cumprimento a dito acordo.

Segue a súa intervención e di que os membros do seu grupo teñen anotado tamén unha pregunta sobre obras en Pablo Picasso sobre o que preguntaron o mes pasado no pleno e como a pregunta lla fixeron ao Sr. alcalde e teñen máis matices que facer van deixar reservada esta pregunta para o seguinte pleno.

Segue a dicir que no punto de dacións de conta de resolucións da Alcaldía hai unha resolución da Alcaldía que resolve facer un pago a dúas traballadoras municipais (B.V.L. e M.I.S.G.), unha gratificación de mil e pico euros para unha e seiscientos e pico para a outra, e engade que os membros do seu grupo non están en contra de que se retribúa aos traballadores o seu traballo porque se realmente teñen que estender o seu traballo máis alá da xornada laboral iso hai que retribuílo pero que lles sorprende moito o reparo que fai o interventor accidental a esta resolución e di que le textualmente un parágrafo de dito informe que di que "no consta en el expediente acreditación del cumplimiento de la jornada normal establecida ni, en consecuencia, la realización de trabajos fuera de dicha jornada" e conclúe que "dado que en la tramitación del expediente no consta la acreditación del cumplimiento de la jornada normal establecida ni de la realización de trabajos fuera de dicha jornada se emite el correspondiente reparo" e pregunta como o interventor accidental pode dicir que non se pode acreditar o cumprimento da xornada normal e pregunta se isto é só para estas traballadoras ou se é así para a xeneralidade e pregunta tamén cal é o motivo de que non se poida acreditar o cumprimento da xornada normal, o que todos entenden, con todas as salvedades, traballar de oito a tres; di que hai que darse conta de que a veciñanza está moi sensible con todas estas cuestións e que cre que non se equivoca se di que Culleredo é o único concello que queda con cita previa para o rexistro e que non sabe os comentarios que lle chegan aos membros do goberno municipal pero aos membros do seu grupo chéganlle comentarios moi críticos con esta situación, o último o dunha persoa que pide cita previa o día 11 e lla dan para o 24, e solicita unha resposta á pregunta de como é posible que non conste acreditación do cumprimento da xornada normal establecida para os traballadores.

Resposta do goberno.- A Sra. alcaldesa en funcións di que lle responderán por escrito no seguinte pleno municipal.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quere presentar é unha pregunta en relación co ocorrido na asociación de Sésamo porque hai unha intervención do Sr. alcalde acusándolle de certas cuestións e a asociación está moi disconforme tanto no relacionado cunha queima de libros como co que parece ser un boicot interno por parte da asociación ás actuacións do Concello, polo que pregunta se realmente vai haber unha disculpa por parte do alcalde nese sentido e se se vai convocar unha reunión saber que medidas se van tomar na mesma, se hai algunha solución proposta para o problema das augas pluviais, se se van encargar do mantemento os servizos municipais, se se vai facer un estudo a fondo sobre ese asunto e, en materia de accesibilidade, sobre a que o seu grupo xa trouxera unha moción no seu día para adaptar todos os centros culturais e sociais á normativa en materia de accesibilidade como poden ser o de Celas ou Sésamo, entre outros, e pregunta se se fixo o estudo ao que se comprometeu o equipo de goberno en materia de accesibilidade, se hai algúns pregos xa redactados, sobre todo técnicos, nesta materia para ter unha liña rectora na redacción deles para sacar a licitación todos os concursos para adaptar todos e cada un dos centros á normativa.

Segue a súa intervención e di que o seu grupo ten outra pregunta en relación ao comentado polo voceiro do grupo político nacionalista en relación coa cita previa, e non só con Rexistro senón tamén con outros departamentos e, indicando que na sesión se atopa a concelleira de Urbanismo, di que lle comentaron que as citas, sobre todo coa arquitecta técnica, seguen a ser por vía telefónica, o que supón un grave prexuízo porque o feito de examinar un plano e saber se se pode ou non obrar nun terreo sen ver a documentación e tratalo in situ é moi complicado e cos problemas que ten Culleredo respecto á figura do arquitecto e aos prazos, está creando unha inseguridade á xente á hora de comprar terreos para edificar en Culleredo que ao final revirte tamén no Concello.

Segue a dicir que, por último, quere comentar tamén o tema das ratas no Concello porque outra vez aos membros do seu grupo lle chegan queixas sobre ratas tanto en Fonteculler como na zona de Acea da Ma en toda a zona do río e da ría.

Resposta do goberno.- Darase traslado de todas as preguntas para que lle dean resposta.

REMATE DA SESIÓN:

Sen máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta en funcións levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta e nove minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da Sra. alcaldesa-presidenta en funcións e da secretaria xeral, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29.09.2022, segundo o borrador asinado o día 26.09.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital da Sra. alcaldesa-presidenta en funcións e da secretaria xeral, que dá fe.

C.I.F. P-1503100-H